

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP01	Estética e beleza	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0634	Maquillaxe	2023/2024	6	160	192

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MONTSERRAT CANEDA RAVIÑA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O técnico de ESTÉTICA E BELEZA, e concretamente, no módulo de maquillaxe, precisa conxugar coñecementos de carácter morfolóxica e uso de cosméticos axeitados, ademais de técnicas manuais e mecánicas. Este profesional exerce a súa actividade en medianas e pequenas empresas que teñen relación directa coa imaxe persoal, normalmente en establecementos do sector de servizos de estética e peiteado e, en xeral, en establecementos relacionados coa venda de produtos de imaxe persoal, así como coa cosmética, desempeñando tarefas de execución de maquillaxe social, depilación mecánica, tratamentos básicos de hixiene, hidratación facial e corporal, estética de mans e pés, asesoramento sobre perfumes e cosmética natural, así como a comercialización dos produtos e os servizos estéticos, ofrecendo un servizo de atención á clientela da empresa. Podería ser persoal traballador por conta propia efectuando a organización da súa propia empresa. No entorno no que nos atopamos, en Monforte de Lemos, o noso alumnado traballará máis en peluquerías que en centros de estética especializados, porque é o que máis abunda. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Técnico/a esteticista en centros de beleza e gabinetes de estética.
- Maquillador/a, incluíndo a tanatopraxia. Hai varios tanatorios na zona que xa ofrecen estes novedosos servizos.
- Técnico/a en uñas artificiais. Hoxe en día o máis en voga en Estética.
- Técnico/a en depilación.
- Técnico/a en manicura e pedicura.
- Recepcionista en empresas estéticas.
- Demostrador/a de equipamentos, cosméticos e técnicas estéticas.
- Axente comercial en empresas do sector.

Asesor/a vendedor/a en perfumarías e drogarías.

Prospectiva do título no sector ou nos sectores. Cambio nos hábitos de vida da poboación consumidora. O sector da estética e a beleza sufriu unha

evolución nos últimos anos como consecuencia do desenvolvemento que experimentaron os sectores económicos en xeral e o sector de servizos en particular, que supuxo unha forte demanda de profesionais con esta ocupación. A sociedade actual tende á promoción persoal, social e profesional a través da proxección dunha boa imaxe persoal, de aspecto coidado e san.

No relativo á tipoloxía dos establecementos, téndese a dous tipos de empresas moi diferentes entre elas e complementarias: a especializada (empresas de servizos de pedicura, uñas artificiais, depilacións, etc.) e a globalizada (empresas que ofrecen todos os procesos ou que os contratan, e mesmo abranguen os subsectores da estética e de peiteado).

Novos campos profesionais: A evolución do sector da beleza e a estética está en expansión. As principais tendencias actuais débense ter en conta para a formación de futuros profesionais:

Cambio constante e avances tecnolóxicos nas técnicas e nos equipamentos estéticos.

Avances da cosmética, que xeran continuamente novas formulacións e ingredientes activos: tendencia ao uso de cosméticos con ingredientes naturais como plantas (fitocosmética), derivados mariños ou terras (arxilas); individualización dos cosméticos en cabina mediante a incorporación de aceites esenciais (aromaterapia); unión entre a cosmética e a nutrición, que fai que se tenda a complementar os tratamentos estéticos cos chamados nutricosméticos; tendencia actual a fomentar benestar a través das neuromoléculas, dos aromas ou dos perfumes.

Incremento da demanda de novos servizos e usuarios, entre os cales destaca o sector masculino, que demanda cada vez maior número de tratamentos de estética e cosméticos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Visaxismo e morfoloxía.		40	10
2	Teoría da cor aplicada a maquillaxe.		20	10
3	Modelaxe de cellas e pestanas.		20	10
4	Preparación do espazo de traballo: Cosméticos e utensilios.		15	10
5	Realización de protocolos de maquillaxe.		85	50
6	Asesoramento e control de calidade		12	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Visaxismo e morfoloxía.	40

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina a morfoloxía e as características cromáticas do rostro, tendo en conta a súa relación co deseño e a cor das correccións	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Simuláronse recepcións de persoas usuarias, con valoración da cortesía, o respecto, a empatía e a discreción
CA1.2 Elaboráronse fichas técnicas utilizando aplicacións informáticas durante a xestión de datos persoais, e morfolóxicos e fisiopatolóxicos do rostro
CA1.3 Definíronse as formas do óvalo e os perfís
CA1.4 Descríbíronse os tipos de frontes, cellas, ollos, narices, beizos e queixos
CA1.5 Propuxéronse cambios de imaxe facial aplicando técnicas de visaxismo: liñas, volumes, claroscuro e contribución do peiteado
CA1.6 Aplicáronse os sistemas de identificación das demandas, os gustos e as necesidades da clientela
CA1.7 Realizáronse deseños gráficos de distintos tipos de óvalos e faccións
CA1.8 Deseñáronse as correccións adaptadas ás características do rostro: delineamento, sombras nos ollos e claroscuro na fronte, no nariz, no queixo e no óvalo
CA1.9 Mantívose a hixiene persoal e deontoloxía profesional na preparación do visaxismo e morfoloxía do rostro

4.1.e) Contidos

Contidos
Hixiene persoal e deontoloxía profesional. Medidas de hixiene e actitudeis imprescindibles nun profesional de HFC
Ficha estética de maquillaxe: datos persoais, morfolóxicos e fisiolóxicos.
Visaxismo: análise e estudo do rostro; morfoloxía. Denominación das zonas do rostro. Medidas e técnicas de corrección do rostro.
Identificación das necesidades e as demandas da clientela.
Relación da fisiopatoloxía do rostro cos cosméticos correctores.
Técnicas de debuxo para maquillaxe.
Liña e forma en maquillaxe.
Aplicacións informáticas na maquillaxe.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Teoría da cor aplicada a maquillaxe.	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona a gama de cores que se deben empregar na maquillaxe, efectuando probas de cosméticos, colorido e iluminación sobre bosquejos e modelos	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Analizouse a relación entre a iluminación e a elección dos cosméticos de maquillaxe
CA2.2 Establecéronse factores que caracterizan a harmonía do rostro e a súa relación coas cores de maquillaxe
CA2.3 Estudáronse as regras de harmonía e contraste para a aplicación dos cores en maquillaxe
CA2.4 Practicáronse probas de cor en zonas concretas para comprobar a influencia da iluminación
CA2.5 Efectuáronse mesturas de cor para obter as tonalidades desexadas segundo a teoría da cor e da luz
CA2.6 Debuxáronse bosquejos coa maquillaxe e o colorido propostos
CA2.7 Relacionáronse as características da maquillaxe con cada época histórica
CA2.8 Mantívose a hixiene persoal e deontoloxía profesional na selección da gama de colorido

4.2.e) Contidos

Contidos
Hixiene persoal e deontoloxía profesional. Medidas de hixiene e actitudeis imprescindibles nun profesional de HFC Teoría da cor aplicada á maquillaxe. Teoría da luz aplicada á maquillaxe. Teoría da iluminación aplicada á maquillaxe. Círculo cromático. Harmonías cromáticas e contrastes. Influencia do tipo de pel na selección da maquillaxe. Historia e épocas da maquillaxe.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Modelaxe de cellas e pestanas.	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Propón e executa cambios en cellas e pestanas utilizando as técnicas de depilación, tinguidura, permanente e/ou aplicación de pestanas postizas	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Protexeuse a roupa e os ollos da clientela durante o proceso
CA3.2 Estudouse a morfoloxía das cellas e relacionouse coas expresións e co tipo de rostro e de ollos da persoa
CA3.3 Propuxéronse os cambios de cor, densidade e forma da cella
CA3.4 Valorouse a viabilidade de realizar técnicas de tinguidura, permanente e aplicación de pestanas postizas
CA3.5 Realizouse a proba de sensibilidade anterior á aplicación de produtos onduladores de pestanas e colorantes de cellas e pestanas
CA3.6 Plasmáronse con éxito as propostas anteriores en casos prácticos
CA3.7 Derivouse a diferentes profesionais no caso de cumprir aplicar procedementos de micropigmentación de cellas
CA3.9 Mantívose a hixiene persoal e deontoloxía profesional na execución dos cambios en cellas e pestanas

4.3.e) Contidos

Contidos
Hixiene persoal e deontoloxía profesional. Medidas de hixiene e actitudeis imprescindibles nun profesional de HFC
Análise específica de cellas: estudo e técnicas de corrección das cellas.
Depilación de cellas.
Proba de sensibilidade aos cosméticos colorantes e descolorantes.
Cambios de cor en cellas e pestanas.
Técnica de maquillaxe para a simulación de cellas, pelo a pelo e compactas.
Cosmética decorativa de cellas e pestanas: criterios de selección. Pautas de preparación.
Cambio de forma de pestanas.
Aplicación de pestanas postizas en grupo, tira, extensións, etc.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Preparación do espazo de traballo: Cosméticos e utensilios.	15

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina a morfoloxía e as características cromáticas do rostro, tendo en conta a súa relación co deseño e a cor das correccións	NO
RA3 - Propón e executa cambios en cellas e pestanas utilizando as técnicas de depilación, tinguidura, permanente e/ou aplicación de pestanas postizas	NO
RA4 - Prepara o espazo de traballo, os cosméticos e os utensilios, e xustifica o procedemento seguido	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.9 Mantívose a hixiene persoal e deontoloxía profesional na preparación do visaxismo e morfoloxía do rostro
CA3.8 Realizáronse as operacións de limpeza, desinfección e esterilización dos utensilios empregados utilizando o método máis axeitado a cada tipo de material
CA4.1 Definíronse as características dunha cabina de maquillaxe e os requisitos particulares que debe cumprir en aspectos de luminosidade
CA4.2 Valorouse a utilización de materiais dun só uso en determinados procesos, como medida de seguridade e hixiene
CA4.3 Relaciónáronse as texturas de produtos decorativos co tipo de pel que se vaia maquillar
CA4.4 Descríbense os tipos, a utilidade, a función e a aplicación de cosméticos axeitados ás tipoloxías cutáneas, para antes, durante e despois da maquillaxe
CA4.5 Especificouse como se deben manipular as maquillaxes, as barras de beizos, os lapis de ollos e as máscaras de pestanas para evitar infeccións cruzadas
CA4.6 Descríbiuse o uso, a finalidade e o manexo dos utensilios e os accesorios (pinces, esponxas, espátulas, bastóns de algodón, etc.)
CA4.7 Descríbiuse a utilidade, o funcionamento, o manexo e a limpeza do aerógrafo de maquillaxe
CA4.8 Detalláronse as propiedades e as particularidades dos cosméticos e da maquillaxe con aerógrafo
CA4.9 Explicáronse as normas de seguridade e hixiene para os aparellos de aerografía
0CA4.10 Mantívose a hixiene persoal e deontoloxía profesional na preparación do visaxismo e morfoloxía do rostro

4.4.e) Contidos

Contidos
Hixiene persoal e deontoloxía profesional. Medidas de hixiene e actudiniais imprescindibles nun profesional de HFC
Área de maquillaxe: espazos, equipamento e ambiente.
Imaxe persoal (hixiene, maquillaxe, peiteado, indumentaria e complementos).
Utensilios de maquillaxe: descrición, uso e limpeza.
Material dun só uso en maquillaxe

Contidos

Normas de comportamento fronte á clientela, compañeiros e compañeiras de traballo e superiores.

Recepción e atención á clientela para o proceso de maquillaxe.

Cosméticos de maquillaxe: criterios de selección e aplicación; clasificación segundo o tipo, a textura e o xeito de presentación.

O aerógrafo en maquillaxe.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Realización de protocolos de maquillaxe.	85

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina a morfoloxía e as características cromáticas do rostro, tendo en conta a súa relación co deseño e a cor das correccións	NO
RA5 - Executa protocolos de maquillaxe personalizados para diversos actos sociais, e razoa o procedemento e a secuencia	SI
RA6 - Asesora a persoa usuaria en cosmética e técnicas de maquillaxe tendo en conta os parámetros que definen a calidade do servizo	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.9 Mantívose a hixiene persoal e deontoloxía profesional na preparación do visaxismo e morfoloxía do rostro
CA5.1 Definíronse e realizáronse as accións de preparación da pel previas á execución da maquillaxe
CA5.2 Aplicáronse os cosméticos correctores para disimular pequenas alteracións e neutralizar as imperfeccións
CA5.3 Descríbense os criterios de selección e aplicación de fondos de maquillaxe
CA5.4 Realizáronse as técnicas de maquillaxe de delineamento, esfumado, resalte, etc
CA5.5 Fixouse o fondo de maquillaxe mediante os tipos de cosmético (pos, fixadores en aerosol, etc.)
CA5.6 Aplicáronse os cosméticos decorativos (sombas de ollos, delineadores, perfiladores labiais e coloretos) e realizáronse as correccións necesarias
CA5.7 Efectuáronse maquillaxes faciais axeitadas ás circunstancias sociais e ás características do rostro
CA5.8 Efectuáronse maquillaxes faciais para actos sociais e eventos
CA5.9 Elaboráronse maquillaxes de fantasía faciais adaptadas a diversos actos sociais
CA5.10 Desenvolvéronse as técnicas de limpeza, desinfección e esterilización dos utensilios empregados no proceso, segundo o seu tipo e as súas características
CA5.11 Elimináronse de xeito selectivo os residuos xerados durante o proceso
CA5.12 Mantívose a hixiene persoal e deontoloxía profesional na preparación do visaxismo e morfoloxía do rostro
CA6.1 Proporcionáronse á persoa usuaria pautas de uso e referencias sobre os produtos cosméticos decorativos máis convenientes á súa pel e ao seu estilo
CA6.2 Elaboráronse protocolos de asesoramento de maquillaxe segundo os estilos
CA6.3 Realizáronse fichas para analizar o resultado do servizo, con valoración da satisfacción da persoa usuaria
CA6.4 Detectáronse as desviacións respecto aos resultados esperados e analizáronse as súas posibles causas
CA6.5 Avaliouse o servizo e propuxéronse medidas de mellora

Criterios de avaliación
CA6.6 Utilizouse unha linguaxe técnica no asesoramento
CA6.7 Proporcionáronse pautas para a mellora e a duración da maquillaxe
CA6.8 Establecéronse protocolos para tratar as suxestións
CA6.9 Aplicáronse medidas de seguridade e hixiene en todo o proceso de maquillaxe
CA6.10 Recoñeceuse a importancia dunha correcta imaxe profesional
CA6.11 Establecéronse as normas de comportamento fronte á clientela, compañeiros e compañeiras de traballo e superiores
CA6.12 Descríronse as pautas para a recepción e atención á clientela no proceso de maquillaxe
CA6.13 Caracterizáronse as posicións anatómicas axeitadas e as medidas de protección persoal e da clientela no proceso de maquillaxe
CA6.14 Valorouse o uso de materiais dun só uso en determinados procesos, como medida de seguridade e hixiene

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Hixiene persoal e deontoloxía profesional. Medidas de hixiene e actitudeis imprescindibles nun profesional de HFC</p> <p>Estilos de maquillaxe social.</p> <p>Técnicas previas á aplicación de maquillaxe: desmaquillaxe e preparación da pel.</p> <p>Técnicas de aplicación de produtos cosméticos decorativos. Parámetros que hai que ter en conta para a aplicación. A maquillaxe de fondo: técnicas de batido, arrastre e esfumado. Técnica de aplicación de cosméticos decorativos especiais: auga cor. Técnica de aplicación de cosméticos decorativos especiais para aerógrafo.</p> <p>Técnicas de realización de correccións claras e escuras.</p> <p>Técnicas de realización de correccións de maquillaxe de ollos: delineamento e esfumados. Beizos: perfilaxe e maquillaxe. Colorete: cor e forma.</p> <p>Estilos de maquillaxe social: clasificación</p> <p>Proceso de realización de cada estilo de maquillaxe social e a súa adecuación ao modelo, ao sexo, á idade e á circunstancia: fases e secuencia. Automaquillaxe.</p> <p>Técnicas de fixación e mantemento; retoques e transformación de maquillaxes.</p> <p>Criterios de asesoramento para a automaquillaxe.</p> <p>Xestión de residuos.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Asesoramento e control de calidade	12

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona a gama de cores que se deben empregar na maquillaxe, efectuando probas de cosméticos, colorido e iluminación sobre bosquexos e modelos	NO
RA6 - Asesora a persoa usuaria en cosmética e técnicas de maquillaxe tendo en conta os parámetros que definen a calidade do servizo	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.8 Mantívose a hixiene persoal e deontoloxía profesional na selección da gama de colorido
CA6.1 Proporcionáronse á persoa usuaria pautas de uso e referencias sobre os produtos cosméticos decorativos máis convenientes á súa pel e ao seu estilo
CA6.2 Elaboráronse protocolos de asesoramento de maquillaxe segundo os estilos
CA6.3 Realizáronse fichas para analizar o resultado do servizo, con valoración da satisfacción da persoa usuaria
CA6.4 Detectáronse as desviacións respecto aos resultados esperados e analizáronse as súas posibles causas
CA6.5 Avaliouse o servizo e propuxéronse medidas de mellora
CA6.6 Utilizouse unha linguaxe técnica no asesoramento
CA6.7 Proporcionáronse pautas para a mellora e a duración da maquillaxe
CA6.8 Establecéronse protocolos para tratar as suxestións
CA6.9 Aplicáronse medidas de seguridade e hixiene en todo o proceso de maquillaxe
CA6.10 Recoñeuse a importancia dunha correcta imaxe profesional
CA6.11 Establecéronse as normas de comportamento fronte á clientela, compañeiros e compañeiras de traballo e superiores
CA6.12 Descríbense as pautas para a recepción e atención á clientela no proceso de maquillaxe
CA6.13 Caracterizáronse as posicións anatómicas axeitadas e as medidas de protección persoal e da clientela no proceso de maquillaxe
CA6.14 Valorouse o uso de materiais dun só uso en determinados procesos, como medida de seguridade e hixiene
CA6.15 Mantívose a hixiene persoal e deontoloxía profesional na asesoría a clientes

4.6.e) Contidos

Contidos
Hixiene persoal e deontoloxía profesional. Medidas de hixiene e actitudeis imprescindibles nun profesional de HFC
Seguridade e hixiene no proceso de maquillaxe. Aplicación de métodos de hixiene, desinfección e esterilización.

Contidos

Medidas de protección do persoal e da clientela durante a realización da maquillaxe.

Ergonomía e hixiene postural.

Avaliación e control de calidade dos procesos de maquillaxe social.

Técnicas para medir o grao de satisfacción da clientela e detectar a desviación na prestación dos servizos de maquillaxe.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES

- Preparar e seleccionar, os diferentes tipos de cosméticos limpadores e decorativos que se van utilizar e ordenalos de forma correcta.
- Describir os criterios para sección de tonos dos cosméticos decorativos, en función dos diferentes tipos de pel, pelo, ollos e roupa do cliente/a.
- Preparar e protexer o/a profesional e o/a cliente para a realización de técnicas de desmaquillado e maquillaxe.
- Adoptar a posición anatómica axeitada durante o proceso de maquillaxe.
- Realizar un correcto uso dos útiles, así como a súa limpeza, desinfección, esterilización e conservación.
- Determinar a harmonía de cores a utilizar e aplicar axilmente, utilizando técnicas específicas, o fondo e os cosméticos decorativos e manexando destramente os útiles necesarios.
- Determinar as correccións do rostro mas axeitadas a morfloxía facial do cliente/a.
- Realizar protocolos de maquillaxe personalizados para diferentes eventos e actos sociais.
- Realizar cambios de cor e forma en cellas e pestanas.
- Asesorar a clienta/e.
- Formular preguntas que permitan conocer o grao de satisfacción do cliente/a.
- Describir medidas para propor correccións nas desviacións que puideran producirse no servizo de maquillaxe.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación final da avaliación será un número enteiro do 1 ao 10. O peso dos distintos CA ponderarase según o contemplado en cada UD do apartado 4c. Considéranse aprobados aqueles alumnos que obteñan unha cualificación igual ou superior a 5 en cada un dos bloques que detallamos a continuación, sendo necesario ter un mínimo de 5 nos tres bloques para aprobar e sumando un máximo de 10 a nota final. Tal e como se reflicte nese apartado, os CA agrúpanse:

Un dos bloques : CA relacionados con probas escritas sobre coñecementos máis teóricos.

Outro dos bloques :CA relacionados exercicios prácticos, avaliado mediante listas de cotexo e táboas de observación.

Alumnado con avaliación continua:

O alumnado superará as probas propostas en cada UD e aínda que se trata dunha avaliación continua, sempre deberá recuperar os contidos non acadados. Traerá modelo humana coas características que se lle pidan e material.

O alumnado con perda de avaliación continua e que se presenta a unha proba extraordinaria:

O alumnado superará as probas propostas en relación con cada UD. Traerá modelo humana coas características que se lle pidan e material.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Probas escritas:

Respostas a preguntas e cuestións das unidades de traballo.

Representacións gráficas.

Elaboración de resúmenes e exercicios.

Os traballos teóricos que se lle pidan ao alumno/a ao longo do curso.

Probas orais, prácticas ou outras:

Respostas a preguntas sobre as prácticas diarias e sobre contidos explicados con anterioridade.

Os traballos orais que se lle pidan ó alumno/a ó longo do curso.

Probas prácticas: Probas prácticas puntuais, das que se fará un rexistro.

Traballos individuais ou en grupo: Traballo na aula

Os traballos prácticos que se lle pidan ó alumno/a ó longo do curso.

Traballos prácticos mínimos diarios que se rexistrarán nunha lista de cotexo na libreta da profesora ou na libreta do alumno.

ACLARACIÓNS DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Os contidos actitudinais traballaranse e avaliaranse ao longo de todo o curso e en tódalas unidades.

exames. eses descontos serán o incumprimento ou falta de interese por parte do alumnado de, entre outras:

- Obrigatoriedade de ter o uniforme de traballo na aula e en perfectas condicións de uso.
- Obrigatoriedade de levar as uñas limpas, curtas e desmaquilladas para poder realizar os traballos prácticos.
- Obrigatoriedade de ter unha hixiene persoal propia da profesión que pretendemos exercer : cabelo e roupa limpa .
- Obrigatoriedade de posuir o seu propio material, limpo e desinfectado, en orden, e en perfecto estado, aspecto que repercutirá na nota final..
- Obrigatoriedade de traer modelos humanas para a realización de actividades prácticas e exames
- Interese polo traballo que se realiza.
- Iniciativa e confianza na toma de decisións e na resolución de problemas
- Organización do traballo.
- Valora-la importancia da precisión na utilización da linguaxe para transmitir a información.
- O trato coa clientela, profesores, compañeiros e toda a comunidade educativa que debe ser en todo momento aberto, educado, discreto, prudente e creando unha atmosfera agradable.
- Valoración da orde, puntualidade, limpeza e respecto polo material de traballo tanto propio como alleo.
- Coñecer e practicar as regras de discreción, tacto e prudencia propias da profesión; debéndose usar en todo momento un vocabulario axeitado e exento de palabras ou expresión malsoantes.
- Respecto polas normas establecidas no centro educativo, tanto polas xerais como as específicas do departamento de Imaxe Persoal, para a posta en práctica do proceso de ensino/aprendizaxe deste módulo co fin de facilitar a convivencia actual e fomentar a formación de profesionais mais completos.
- Respecto polas opinións alleas e os traballos doutros profesionais e predisposición para axudar ós compañeiros de traballo, colaboración e traballo en equipo.
- Interese por ter e manter a hixiene e a imaxe persoal óptima.
- Interese por coñecer as tendencias da moda en canto a cambios de forma no cabelo, e por asistir a congresos, demostracións e outras actividades relacionadas coa profesión
- Valoración negativa dos alumnos/as que se neguen a facer os traballos que se lle indiquen e a atender os modelos que se lle adxudiquen.
- Valoración da participación activa do alumno tanto nas clases como en calesquera actividades que se organicen ou nas que se participe.
- Valoración negativa en casos de falta de puntualidade, de asistencia inxustificada e responsabilidade:

Considérase falta de puntualidade entrar entre 5 e 15 minutos despois de sonar o timbre de entrada. Pasados mais de 15 minutos a falta será de asistencia. A acumulación de dúas faltas de puntualidade continuadas ou tres discontinuas será tratada como unha falta de asistencia.

PROBAS ESCRITAS

En tódalas recuperacións de probas escritas o resultado será apto= 5 ou non apto.

Valoración negativa dos alumnos/as sorprendidos con algún medio para copiar nun exame :Terá que entregar o exame e a avaliación estará suspensa.

PROBAS PRÁCTICAS E TRABALLOS NA AULA

En ambos casos valorarásese:

O número (fixaranse probas puntuais e número mínimo de traballos por avaliación), calidade, dificultade e variedade dos traballos, destreza,

limpeza, estética e actitude, o tempo de execución...

- As habilidades, destrezas e iniciativa desenvolvidos durante a execución dos traballos.
- A asimilación dos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais.
- A iniciativa e creatividade.
- Recepción e atención da clientela e modelos.
- A orde e a limpeza.
- O tempo de execución.

Aclaracións no sistemas de cualificacións:

- Valorarase (no apartado de traballos) a participación en actividades extraescolares que complementan a formación do alumnado, realizándose seguidamente traballos, exercicios ou respostándose preguntas sobre as mesmas.
- As actividades relacionadas co módulo que se organicen (prácticas no Centro da terceira idade San Xosé e ou outros establecementos, xornadas de formación, conferencias, desfile), serán puntuables e obrigatorias.
- Para aprobar a avaliación, o alumno deberá obter como mínimo o 50% da nota en cada un dos apartados, e cando non sexa así a avaliación quedará suspensa ata que recupere o apartado correspondente.
- Cando un alumno non participa na clase, fala constantemente, ten unha actitude negativa, non respecta os compañeiros nin o profesor pódese variar a nota da avaliación reducíndoa ata 1 punto; o mesmo no caso contrario, cando un alumno destaca pola súa participación, actitude positiva, bo comportamento se o profesor o estima oportuno pode aumentar a nota da avaliación ata 1 punto.
- A avaliación é continua polo que non se poderá superar unha avaliación sen ter superado previamente as anteriores. A nota final coincidirá coa da terceira avaliación. Para obter a nota da terceira avaliación terase en conta o traballo, a constancia, participación, comportamento, esforzo e a evolución do alumno/a durante o curso, podendo o profesor se o estima oportuno aumentar a nota da 3ª avaliación ata 1 punto.
- Deberanse acadar os contidos mínimos establecidos para o módulo.

O que non veña uniformado non se entra en clase unha vez tocado o timbre

O alumno non superará o módulo se a súa deontoloxía profesional, hixiene personal ou actitude non supera o esixible en cada unidade.

As probas e traballos prácticos realizaranse en modelo humano. Se non houberse suficientes modelos no centro, os alumnos traerán os seus propios modelos.

Os alumnos teñen que posuír o seu propio material, limpo e desinfectado, en orden, e en perfecto estado, aspecto que repercutirá na nota final.

Caso de non presentarse a un exame ou proba :

Se un alumno/a non se presenta (sen causa xustificada) a unha proba ou exame obterá como cualificación na mesma un cero. Esta proba (teórica ou práctica) so se lle repetirá no caso de enfermidade sobrevida e con xustificante médico.

Caso de non presentar en prazo un traballo :

Se un alumno/a nunha avaliación non presenta un traballo no prazo establecido, obterá como cualificación na mesma un cero.

Tratamento dos decimais

A cualificación dunha avaliación sempre se fará mediante un número enteiro, motivo polo que os decimais resultantes se redondearán á alza ou á baixa ó enteiro mais próximo; se equidistara de dous enteiros consecutivos, redondearase ao superior.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DAS PARTES NON SUPERADAS:

O alumnado que non supere algunha avaliación total ou parcialmente, daránselle as orientacións e apoios necesarios para intentar superala, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados.

As actividades de recuperación ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito;

Actividades de recuperación:

- Entrega de material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.
- Comentario e análise do traballo entregado e resolución de dúbidas nas horas de clase practicando os traballos de maior difi cultade para o alumno/a.
- As probas de recuperación serán similares ás de avaliación.
- De todas as probas que se suspendan, farase una recuperación ao longo da avaliación seguinte.

MÓDULO NON SUPERADO

- Módulo non superado na terceira avaliación: neste caso deixarase entre a terceira avaliación e a avaliación final de módulos de curso un período destinado á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes. Elaborase un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das actividades de recuperación e a súa temporalización.
- O alumno/a pasa de curso co módulo pendente , elaborase un informe individualizado que conterá información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcados, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe. O alumnado será informado ó inicio de curso das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización , temporalización e data en que será avaliado. A avaliación deste módulo pendente de 1º curso levarase a cabo coa avaliación final ordinaria de 2ª curso.
- Módulo pendente durante a terceira avaliación de segundo curso (período ordinario de FCT) , caso de ter suspendido na avaliación previa a FCT, programaránselle actividades para a súa recuperación, e informaráselle do período da súa realización , temporalización e data en que serán avaliados .

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado perderá o dereito á avaliación continua cando o número de faltas acade o 10% da carga horaria total do módulo. O profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación das faltas

O alumnado ten dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa a avaliación final de módulo e a cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final do módulo. Esta proba poderá abarcar a totalidade da materia vista durante o curso tanto teórica como práctica.

A data de celebración da proba extraordinaria será a acordada polo equipo educativo e o equipo directivo, sobre a base dos regulamentos de organización e funcionamento do centro e darase a coñecer ó alumnado no taboleiro informativo con antelación suficiente.

Será una proba teórico-práctica:

Duración: 3 horas

Contido da proba:

- Proba escrita
- Proba práctica:
 - Selección, preparación e manipulación axeitada dos espazos, útiles, cosméticos e modelos para realizar o traballo práctico en condicións de seguridade e hixiene idóneas.
 - Realización duha maquillaxe facial, poderá ser calquera das que trata o currículo.

Será requisito indispensable superar a proba escrita para realizar a continuación a proba práctica.

O/a alumno/a deberá traer un/unha modelo para poder realizar a proba e o material necesario.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A presente programación avaliarase mediante o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro. Dito control realizarase principalmente por medio do cumprimento dos seguintes documentos:

- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que entre outros temas, se tratará a porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.
- Ademais, en reunión de departamento mensual ao longo do curso, informarase do seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado que terá por obxecto analizar a avaliación inicial feita ós alumnos pola titora e coñecer as características e a formación previa de cada un, así como as súas capacidades. Serve de punto de partida ó equipo docente, permitíndolle adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilización modular, aínda que en ningún caso se permitirán adaptacións curriculares significativas. Así mesmo deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

A avaliación inicial realizarase conforme ao procedemento establecido polo control do sistema de calidade do centro. Dito control realízase principalmente por medio do cumprimento do documento de avaliación inicial e mediante entrevista persoal cando se considere necesario

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

EXERCICIOS DE REFORZO PARA OS ALUMNOS QUE TEÑEN DIFICULTADES

EXERCICIOS DE CONSOLIDACIÓN PARA OS ALUMNOS QUE TEÑEN ALGUNHAS DIFICULTADES

Dada a diversidade de alumnado que accede aos ciclos formativos, traballaremos os contidos segundo as necesidades do momento, do grupo e do alumno/a en particular.

Ao longo do curso presentaranse exercicios e actividades con diferentes grados de dificultade, o que permite ó profesorado seleccionar os mais adecuados ó nivel do alumnado e ás súas capacidades. Para seleccionar os mais axeitados, terase en conta a avaliación inicial, o progreso e o grado de consecución dos obxectivos prantexados.

Ao alumnado que non responda ós obxectivos programados, daránselle as orientacións e apoios necesarios, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados.

As actividades reforzo e afondamento ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Actividades de reforzo e de afondamento:

- Entrega de material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.
- Análise do traballo e resolución de dúbidas que lles xurdan ós alumnos/as para poder traballar a fondo as actividades propostas durante as horas de clase.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

As nosas condutas son a manifestación dos nosos valores, de aí a importancia de comezar desde idades moi novas a educar en valores. Pero para formar bos profesionais, que saiban convivir, compartir, colaborar con compañeiros, clientes..., é indispensable formar ó mesmo tempo

adultos responsables, respetuosos, honestos, humildes, tolerantes, felices..., polo que se incidirá neste tema ó longo do curso.

Educación para a saúde. É a transversal por excelencia desta materia xa que se traballa en tódalas unidades e ó longo de todo o curso. O coñecemento do corpo dos seus órganos e sistemas, é o primeiro paso para valorar a saúde e desenvolver hábitos saudables de hixiene e desinfección e para rexeitar prácticas nocivas como o consumo de tabaco, alcol e outras drogas.

É moi importante cando estudamos o tema, a adopción de posturas correctas para previr lesións na columna vertebral, varices, etc.

Tamén é importante destacar os beneficios do exercicio físico: o noso sistema locomotor necesita exercicio para que as articulacións funcionen correctamente.

Educación do consumidor. Importancia ten tamén unha boa alimentación para o noso pelo, pel e unllas. Pretendemos a responsabilidade tanto dos alumnos como dos consumidores. Unha parte da dieta dos adolescentes é por conta deles mesmos (bolos, chucharías, aperitivos, bebidas,). Debemos incitalos cara a adquisición de hábitos de consumo responsables.

Educación para a paz. Incentivar a solidariedade entre os humanos fomentando o altruísmo (doazón de sangue, órganos...)

Educación para a igualdade entre os sexos: Desde calquera tema se pode traballar esta transversal, procurando usar sempre unha linguaxe, oral e escrita, non discriminatoria e tomando medidas de acción positiva necesarias para introducir a dimensión de igualdade.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Participación en concursos relacionados coa profesión.

- Visitas a feiras profesionais, congresos..., de tipo profesional e/ou cultural.
- Asistencia a cursos e xornadas de formación realizados por casas comerciais e profesionais do sector tanto dentro como fora das instalacións do centro escolar.
- Organización e participación en actividades diversas que impliquen a colaboración dos alumnos: desfile de perrucaría e estética, obras de teatro, rodaxes películas, galas profesionais e outros proxectos.
- Visitas a distintos medios de comunicación.
- Visitas a balnearios, spas, fábricas de cosméticos, de cabelo...
- Realización de prácticas fora do centro educativo dentro e fora de horas lectivas, noutros centros públicos ou privados, sempre que se considere oportuno.
- Elaboración de material didáctico en vídeo, fotografías...
- Seguimento das novas publicacións: vídeos, libros, revistas...

10.Outros apartados

10.1) ensinanza

Presencial Os principios metodolóxicos xerais constitúen a fonte pedagóxica da programación. A idea fundamental que sustenta estes principios é que o alumno é o principal artífice do seu propio aprendizaxe e que o profesor convértese en mediador ou guía neste proceso, permitindo establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas e os novos contidos. Non existe unha metodoloxía única e válida para tódalas situacións, polo tanto, nós utilizaremos aquela que nos axude a alcanzar a progresiva autonomía e educación integral do alumno como obxectivo de final de etapa. Para isto, nos baseamos nos principios que establece o currículo, destacando que o alumno realice aprendizaxes significativos por si, é dicir, que aprenda a aprender. Como técnica de ensinanza empregaremos: a instrución directa naquelas unidades nas que o aprendizaxe precise dun rendemento mecánico como factor vital para que o obxectivo proposto se poida alcanzar de forma eficaz, e a técnica mediante a busca nas unidades didácticas que nos interese que o alumno desenvolva os procesos dedutivos e de enriquecemento. En canto ao estilo de ensinanza empregaremos aquel máis axeitado a cada situación desde os máis directivos como o mando directo modificado, ata os máis produtivos e creativos como o descubrimento guiado. Como estratexia na práctica utilizaremos tarefas globais sempre que sexa posible e acudiremos ás

analíticas cando sexa necesario en función da natureza do traballo a realizar. Proporase traballar por proxectos e dependendo da resposta do alumnado variarase ou non ese método.